



FERROLTERRA RÍAS ALTAS

Guía breve para a implantación da imaxe

A imaxe visual Ferrolterra-Rías Altas é unha poderosa ferramenta para potenciar a implantación, comunicación e competitividade no sector ao que se dirixe.

Este manual establece as pautas básicas para unha correcta aplicación da imaxe e o uso adecuado da mesma.

A identidade componse dun símbolo e o nome Ferrolterra-Rías Altas (logotipo). Esta guía é unha ferramenta indispensable para conservala. Se vostede desexa utilizar unha aplicación que non estea descrita nos seguintes capítulos, deberá consultar co responsable da imaxe.

Símbolo.....	3
Logotipo.....	4
Identidade visual.....	5
Construcción da identidade visual.....	6
Áreas de protección (versión principal).....	7
Versión alternativa da marca.....	8
Versión alternativa da marca a unha tinta.....	9
Cores principais. Aplicacións.....	10
Aplicacións do símbolo.....	11
Tipografía.....	12
Papelería básica.....	13
Elementos de sinalización.....	16

Símbolo



Mar
Terra
Natureza
Ceo
Desenvolvimento
Movimento

Logotipo

A tipografía para o logotipo foi modificada partindo da Trajan co propósito de dotar a marca de personalidade única e mellorar criterios visuais. Traballouse nos ollos das letras e na súa simetría.

O logotipo foi deseñado para reflectir as actividades da marca. O seu uso deberá rexerse polas regras que establece o manual, a fin de conservar intacta a súa identidade visual.

Aparecerá xunto ao símbolo formando a identidade visual da marca Ferrolterra-Rías Altas, tamén poderá ser usado de maneira independente, nas diferentes cores en función do fondo onde estea aplicado.

FERROLTERRA RÍAS ALTAS

FERRLTERRA

Identidade visual

A identidade visual é a base sobre a que se constrúe a imaxe da marca Ferrolterra-Rías Altas. A dita marca está composta por dous elementos: o símbolo e o logotipo.

A integridade do logo é o punto de partida para a correcta aplicación da marca que sempre se debe reproducir segundo as regras que aparecen neste manual.

A relación entre os elementos elaborouse para lograr o maior impacto visual posible, non debendo ser alterada.



Construcción da identidade visual

Presentamos as relacións entre os elementos da identidade visual. Para manter intacta esta, deberán respectarse sempre estas relacións de tamaño e ubicación.

A proporción establecida para o símbolo defíñese a partir da letra "E" de Ferrolterra-Rías Altas.



Áreas de protección (Versión principal)

A imaxe merece unha posición especial en todos os documentos. Para acadar unha mellor visibilidade non debe atoparse xunto a outros obxectos gráficos, incluíndo tipografía. Por iso establecemos tanto un espazo como un tamaño mínimo que debe respectarse na aplicación da marca.

O espazo mínimo de respecto será o ancho da letra "E" do logotipo e a mínima admisible. As áreas de protección e relacións deben manterse igual tanto na versión a cor como a unha tinta.

Mínimos. Ningunha redución pode ser menor a estes tamaños, que foron definidos para asegurar que a marca non perda lexibilidade.



Área de protección estándar



Versión alternativa

Por limitacións nos sistemas de impresión ou soportes, non sempre é posible o uso da imaxe na súa versión principal e é necesario crear unha que asegure o funcionamento nas circunstancias de uso máis extremas.

Esta versión é de uso reducido, a intención é reforzar o uso da versión principal.

As áreas de protección e relacóns han de manterse igual tanto na versión a cor como a unha tinta.

Tamaño mínimo de reducción



Versión alternativa da marca a unha tinta

Dependendo da utilización de aplicacións, inclúense alternativas de uso da imaxe Ferrolterra-Rías Altas a unha tinta, as cales deberán respectar as proporcións, as áreas de protección e os tamaños mínimos.

Estas aplicacións son válidas tanto para a versión principal como para a versión alternativa.

As áreas de protección e relacións han de manterse igual tanto na versión a cor como a unha tinta.



Cores principales e aplicaciones

O uso correcto da cor e as proporciones é unha parte fundamental na comunicación da imaxe, polo que deben respectarse en todo momento.

Os fondos seleccionados para a aplicación da marca aseguran o adecuado contraste coa marca.

As cores da imaxe Ferrolterra-Rías Altas están definidas en: Pantone (impresión tintas planas), CMYK (para impresión cuadricromía), RGB (para pantalla) e cor WEB.

Pantone 306	Pantone 382	Negro
C: 77 % R: 0 WEB M: 0 % G: 148 3399CC Y: 7 % B: 216 K: 0 %	C: 34 % R: 143 WEB M: 0 % G: 190 99CC00 Y: 85 % B: 0 K: 0 %	
90 % 80 % 70 % 60 % 50 % 40 % 30 % 20 %	90 % 80 % 70 % 60 % 50 % 40 % 30 % 20 %	90 % 80 % 70 % 60 % 50 % 40 % 30 % 20 %



As fotos deberán ter un contraste que asegure a perfecta lexitimidade da imaxe Ferrolterra-Rías Altas



Aplicacións do símbolo

O símbolo poderá usarse como elemento de ilustración en aplicacións da imaxe sendo posible incluír fotografías como a que se mostra.



Tipografía

A tipografía de acompañamento é compoñente fundamental na transmisión da imaxe Ferrolterra-Rías Altas.

Escolleuse a familia Frutiger como principal e a Times como secundaria. Frutiger é unha familia Sans Serif que destaca pola súa lexibilidade e gran variedade de pesos.

A familia Frutiger nas súas versións: Regular, Italic e Bold será utilizada como tipografía complementaria da identidade visual, por posuir unha óptima lexibilidade en pequenos como en grandes grandes tamaños, ademais de establecer unha relación harmónica co resto das tipografías.

Como tipografía para outros usos escóllense a Times por ser unha tipografía de lexibilidade garantida e de ampla implantación nas plataformas Mac e PC, o que facilitará o seu uso.

Frutiger Next LT Regular

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890
!@#\$%%^&*()_+¿?!;

Frutiger Next LT light e Frutiger Next LT light Italic

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890
!@#\$%%^&*()_+¿?!;
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890
!@#\$%%^&*()_+¿?!;

Frutiger Next LT Bold e Frutiger Next LT Bold Italic

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890
!@#\$%%^&*()_+¿?!;
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz
1234567890
!@#\$%%^&*()_+¿?!;

Times

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ
abcdefghijklmnopqrstuvwxyz **1234567890**
!@#\$%%^&*()_+¿?!;

Papelería básica (papel carta e tarxeta)

A papelería básica está formada por unha folla tamaño A4 (297 x 210mm), tarxeta de visita (54 x 85mm), sobre americano (220 x 110mm) e sobre bolsa A4 (250 x 353mm).


* O papel carta A4 e a tarxeta está reducida un 50% do tamaño orixinal.



Papelería básica (sobre americano e sobre bolsa)

A papelería básica está formada por unha folla tamaño A4 (297 x 210mm), tarxeta de visita (54 x 85mm), sobre americano (220 x 110mm) e sobre bolsa A4 (250 x 353mm).

* O sobre americano e o sobre bolsa está reducido nun 50% do tamaño orixinal.



Papelería básica (carpeta)


Carpeta con solapas para gardar as follas tamaño A4. Medidas da carpeta pechada 218 x 315mm.

* A carpeta reduciuse a un 50% do tamaño orixinal.



Elementos de Sinalización

Espazo de seguridade no símbolo



Elementos de Sinalización

Benvida a xeodestino. Pauta de sinalización segundo DOG Núm. 47. Manual de Sinalización Turística Xunta de Galicia

benvidos bienvenidos welcome



Ferrolterra-Rías Altas



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"

galicia



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol

Elementos de Sinalización

Personalización de elemento de alto interese. Pauta de sinalizacion segundo DOG Núm. 47. Manual de Sinalización Turística Xunta de Galicia



item-agá DESEÑO COMUNICACIÓN | Pza. da Ilustración, 9-10 Ent. D - 15403 Ferrol
T 981 364 064 - F 981 364 969 - info@item-agá.com - www.item-agá.com